

06Relación Universidade-Empresa

En 2010 rexistrouse un aumento da actividade investigadora e de transferencia nos tres centros do Parque Tecnolóxico que están operativos (CITEEC, CITIC e CIT), tanto no número de proxectos e convenios como no de recursos económicos mobilizados. Os tres centros traballan baixo criterios de calidade, están certificados coa norma ISO 9001: 2008 e no caso do CITIC tamén a UNE 166002:2006

Canto ás infraestruturas, seguíronse a desenvolver as obras de construción do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), cuxo remate está previsto para 2011. Remataron xa as obras de ampliación do Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e Comunicacions (CITIC) que foron recepcionadas pola UDC a finais de outubro. Deseguido comezou o proceso para equipar e dotar de mobiliario o novo centro. A previsión é que estea a pleno rendemento en 2011.

A ampliación do Centro de Investigaciones Tecnológicas (CIT) de Ferrol concluíu en 2010. O proceso de equipamento e dotación de mobiliario farase unha vez se recepcione a obra (primeiro trimestre de 2011), polo que se conta con tela operativa antes de que remate o ano. Polo que atinxe ás obras de ampliación do CI-

TEEC, demoradas por diferentes causas, retomáronse contra a fin do ano. Éstase a espera de que a primeira fase desta ampliación remate ao longo do 2011.

Noutra orde de cousas e no tocante á transferencia de resultados da investigación, cómpre salientar a posta en marcha do I Panel de Innovacións Tecnolóxicas da UDC, que pretende detectar as tecnoloxías innovadoras. Ao tempo, seguiu a se desenvolver o II Programa de estruturación comercial de grupos da UDC, cuxo obxectivo é avaliar o seu potencial de mercado. Apareciouse tamén un aumento considerable nas actividades da unidade de apoio a proxectos europeos de I+D. O incremento resulta especialmente significativo tanto nos proxectos solicitados como nos concedidos.

Ofertáronse dúas convocatorias de acceso ao viveiro de empresas da UDC. Entraron cinco novas empresas e déuselle apoio a outras dúas iniciativas. Un feito importante foi a aprobación do Regulamento de creación de empresas da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno e polo Consello Social.

Por último, hai que salientar que, a través do Programa INNCIDE do Ministerio de Ciencia e Innovación,

a OTRI recibiu unha subvención para reforzar os seus recursos humanos ata marzo de 2014.

Respecto do apoio ao emprendemento e ao emprego, o máis salientable foi a organización, en colaboración coa Deputación da Coruña, da III Feira Europea de Emprego 2.0, que por primeira vez tivo só carácter virtual. O certame alcanzou un éxito considerable, pois acadáronse as 178.882 visitas e recolléronse 1.836 currículos. Canto ao Portal de Emprego UDC, segue a rexistrarse un incremento do uso desta ferramenta telemática tanto polos estudantes como polas empresas.

Por último, o Observatorio Ocupacional presentou este ano o Informe de inserción laboral dos graduados da Universidade da Coruña 2007-2008.

O Observatorio segue ampliando as súas relacións internacionais con proxectos coas universidades Nacional de Panamá e Nacional Autónoma de México (UNAM) e diversificando o seu traballo coa elaboración de diferentes informes, como os preparados para o Colexio de Economistas da Coruña ou para as autoridades portuarias de Ferrol e A Coruña.

Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC))

O Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) ten tres áreas fundamentais de actividade. Dentro da primeira, o fomento da investigación de base, realízanse estudos par ampliar o coñecemento nos campos afíns á construción. A realización de teses de doutoramento e teses de grao é o mecanismo polo que se promove este tipo de investigación, moi vinculada aos departamentos universitarios.

A segunda é a investigación aplicada. Mediante calquera dos mecanismos habituais de captación de recursos (fondos da Xunta de Galicia, da Comisión Interministerial de Ciencia y Tecnología CICYT, da Unión Europea), o CITEEC serve de soporte para realizar proxectos de investigación en colaboración con empresas e organismos.

A terceira área abrangue o asesoramento de empresas e institucións. O CITEEC é una estrutura moi singular, única en Galicia e ao dispor do tecido empresarial e institucional mediante convenios de colaboración, como apoio na realización de proxectos e actuacións que requiran estudos hidráulicos en modelo físico ou estudos de detalle de infraestruturas. A actividade do centro cingúese ao ámbito de construción, na súa vertente de edificación e de

enxeñaría civil e sempre desde a óptica de análise experimental.


Os proxectos do CITEEC concéntranse en cinco ámbitos técnicos: Construción, Enxeñaría Hidráulica, Portos e Costas, Enxeñaría Sanitaria e Túnel de Vento para Ensaíos Aeroelásticos. Cada área xera os seus proxectos cos seus propios equipos, que forman parte do equipamento do centro.

N.º de integrantes dos grupos de investigación ¹	77
N.º de investigadores contratados con cargo a proxectos	16
N.º de técnicos especialistas	6
N.º de contratos e convenios con empresas	13
N.º de proxectos activos durante o ano	18
N.º de convenios tramitados pola FICG con execución en laboratorios CITEEC	12
Financiamento total (euros)²	816.395,56 €
1(Composición segundo o Catálogo de Investigación da UDC a data 13/01/2011)	
2(Cantidade onde se suman os importes totais dos proxectos de investigación e os convenios. Extracto do SOROLLA con data 11/01/2011)	
Financiamento Xestora CITEEC SL (euros)	45.372,93 €


Cadro 115 Actividade do CITEEC en 2010




Cadro 116 Proxectos de investigación con soporte no CITEEC



Cadro 117 Convenios con empresas con soporte no CITEEC



Cadro 118 Relación entre proxectos de investigación e convenios con empresas no CITEEC



Cadro 119 Evolución do número de proxectos e convenios no CITEEC

Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT)

No Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT), situado no campus de Esteiro, en Ferrol, realízase tanto investigación básica, normalmente sufragada mediante a solicitude de proxectos do plan xeral de investigación das diferentes institucións públicas, como investigación aplicada, executada ben por encargo de empresas ou fundacións privadas ben dentro de plans sectoriais de institucións públicas. Unha terceira

liña de actuación inclúe o asesoramento a empresas e institucións e os contratos de asistencia.


Os cinco grupos de traballo que desenvolven a súa actividade no CIT son o Grupo Integrado de Enxeñaría, o Grupo de Aplicacións Industriais do Láser, o Grupo de Polímeros, o Laboratorio de Análise Estructural e o Laboratorio de Combustibles.

N.º de integrantes dos grupos de investigación	96
N.º de investigadores contratados con cargo a proxectos	42
N.º de técnicos especialistas	5
N.º de convenios con empresas	45
N.º de empresas con que se traballou	37
N.º de proxectos activos durante o ano	36
Financiamento total (euros)	1.118.972,23 €

Cadro 120 Principais cifras do CIT en 2010

Durante o ano 2010, no CIT traballouse en 36 proxectos de investigación financiados por entidades públicas. En 2010 prodúcese unha lixeira diminución no número de proxectos conseguidos en relación ao


ano 2009. Esta diminución, lonxe de ser un mal dato, mostra unha clara tendencia á estabilización no gran número de proxectos conseguidos no ano anterior se o comparamos co trienio 2006-2008.



Cadro 121 Evolución do número de proxectos de investigación no CIT

No apartado dos contratos realizados con empresas, en que se inclúen contratos de asistencia técnica e contratos ou convenios para a realización de ensaios

ou análises puntuais, apréciase un aumento da actividade, o que demostra o bo resultado dos esforzos por achegarse ao contorno industrial.



Cadro 122 Evolución do número de contratos de investigación no CIT

No que se refire ás empresas con que se traballou durante o ano, produciuse unha diminución a un nivel similar ao de 2007. Este dato, cunha tendencia á baixa en termos absolutos (aínda que o número de empresas

segue sendo alto), non reflicte o feito de que aumentase o número de colaboracións coas empresas con que xa se viña traballando, nunha mostra de fidelidade e confianza.



Cadro 123 Evolución do número de empresas para as que traballou o CIT

O CIT mantén uns niveis de actividade científica estables, o que mostra a entrada nunha etapa en que está a consolidar a súa imaxe como centro colaborador co mundo da empresa, ao mesmo tempo que mellora a súa oferta investigadora coa adquisición de novos equipamentos e coa maior experiencia do persoal.

Canto ao programa de calidade, catro dos laboratorios do CIT (Laboratorio de Aplicacións Industriais do

Láser, Laboratorio de Plásticos, Laboratorio de Química e Laboratorio de Combustibles) continuaron a traballar baixo criterios de calidade, para cumprir coa norma ISO 9000:2008. O Laboratorio de Combustibles obtivo no verán a acreditación ISO17025. En decembro realizouse a auditoría interna de calidade a tres dos laboratorios (renunciou o de Aplicacións Industriais do Láser), que renovaron o certificado correspondente.

Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicaci3ns (CITIC)

O Centro de Investigaci3ns en Tecnoloxías da Informaci3n e as Comunicaci3ns (CITIC) 3 un punto de encontro entre a universidade e a empresa en que se combinan departamentos de I+D de empresas do sector TIC con investigadores procedentes do 3mbito universitario. Na actualidade, no CITIC traballan, en distintos proxectos de I+D, m3is de 100 investigadores de grupos universitarios ou de

departamentos de I+D de empresas, constitu3ndo un contorno mixto universidade-empresa que posibilita a colaboraci3n e a transferencia de coñecemento. O centro especialízase nunha serie de 3reas tecnol3xicas, de car3cter din3mico, que agrupan actuacións espec3ficas con respecto a unha liña ou interese particular do tecido industrial no campo do s3ftware.

N.º de integrantes dos grupos de investigaci3n ¹	106
N.º de investigadores contratados con cargo a proxectos ²	14
N.º de t3cnicos especialistas	3
N.º de contratos novos con empresas	22
N.º de proxectos con financiamento p3blico	2
N.º de proxectos activos durante o ano	34
Financiamento total (euros)³	1.177.125,52 €

Os n3meros fan referencia s3 ao financiamento e aos proxectos captados directamente pola SXCITIC, ag3s a axuda de agrupaci3n estrat3xica do CITIC

1 Segundo o informe final agrupaci3n estrat3xica CITIC, decembro 2010

2 n3mero medio de contratados en contratos xestionados directamente pola Sociedade Xestora do CITIC

3 Financiamento captado en 2011. S3 se incl3en os datos dos convenios e proxectos xestionados pola Sociedade Xestora do CITIC e as axudas p3blicas acadadas como CITIC (agrupaci3n estrat3xica do CITIC), non se incl3en os proxectos e os convenios xestionados directamente polos grupos de investigaci3n na UDC

Cadro 124 Actividade do CITIC en 2010


Entre as principais actividades de 2010 salientan as seguintes:

- Posta en marcha da Oficina de Proxectos e Aseguramento da Calidade (QAPO), encargada, entre outras cousas da vixilancia das convocatorias, do control da carteira de proxectos do centro, da xestión de proxectos e de todo o relativo á aplicación de estándares de calidade. O CITIC superou dous procesos de certificación. O ISO 9001:2008, que acredita que o centro cumpre, nos seus procedementos, os requisitos de calidade impostos pola norma nas súas actividades de xestión de proxectos de I+D+i e servizos de promoción da investigación e asistencia técnica na área TIC. O UNE 166002:2006, que o acredita para recoñecer dentro das súas áreas tecnolóxicas de referencia, tecnoloxías emerxentes que sirvan de base para potenciar as súas actividades de I+D+i e melloren a súa competitividade.


- Posta en marcha da Unidade de Promoción Tecnolóxica para definir a estratexia e desenvolver o portfolio coa oferta tecnolóxica do CITIC, labores comerciais, apoio na configuración de consorcios e negociación de contratos, elaboración e execución dun plan de comunicación e marketing do centro etcétera.

- Posta en marcha da Unidade de Xestión Económica: tarefas administrativas e de xestión económica do CITIC.

Case o 60% dos ingresos do CITIC (701.380,60€) proceden de contratos con empresas e institucións, destacando este ano unha importante contratación coas administracións públicas. O 40% restante corresponden a axudas públicas competitivas, dentro das que destaca a última anualidade da Agrupación Estratéxica do CITIC (Consellería de Educación). Non se inclúen axudas de infraestruturas, nin proxectos xestionados polos grupos do CITIC directamente coa Universidade.




Cadro 125 Procedencia dos ingresos do CITIC en 2010



Cadro 126 Procedencia pública/privada dos ingresos do CITIC en 2010

A actividade do CITIC aumentou de forma notable en 2010, cun incremento con respecto a 2009 nos proxectos asinados e o no persoal investigador contratado (case o triple).



A distribución da facturación do CITIC amósase moi equilibrada entre as distintas empresas e institucións. Dun total de 26 empresas e institucións que traballa-

ron co CITIC no período 2008-2010, 7 empresas superan os 100.000 € de facturación e as 19 restantes en conxunto supoñen case o 33% da facturación total.

Transferencia de resultados da investigación

Patentes

Ao longo do ano 2010 a OTRI xestionou a tramitación de cinco solicitudes de novas patentes nacionais, unha patente internacional, un modelo de utilidade,

unha marca e 14 rexistros de sóftware. Así mesmo, a Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) comunicou a concesión de cinco novas patentes da UDC tramitadas en anos anteriores.

Título	Autores
Cepas de <i>S.Cerevisiae</i> capaces de medrar en medios con melibiosa, estaquiosa e rafinosa (patente internacional)	Manuel Becerra Fernández, Isabel González Siso, Esperanza Cerdán Villanueva e outros
Método para a detección de ADN ribosómico 5S de especies de ameixa	Josefina Méndez Felpeto, Juan Fernández Tajés, Ruth Freire, José B. García Gil
Uso dunha composición híbrida inorgánica-orgánica	Antonia Señarís, Manuel Sánchez Andújar, Socorro Castro García e outros
Transmisor de presión diferencial por repulsión magnética pasiva	Ramón Ferreiro García, Francisco J. Pérez Castelo
Transmisor de densidade de líquidos por repulsión magnética pasiva	Ramón Ferreiro García, Francisco J. Pérez Castelo
Módulo de comunicación sen fíos para dispositivos musicais electrónicos	Carlos Escudero Cascón, Tiago Manuel Fernández Caramés e outro
Gafas polifuncionais xiratorias (modelo de utilidade)	Antonio Gonzalo Amado Lorenzo


Cadro 129 **Patentes tramitadas en 2010**

Título	Autores
Sistema de impulsión ondulante	Primitivo González López Juan de Dios Rodríguez García
Sistema on line interactivo para a visualización de contidos a través dun dispositivo, con capacidade para o rexistro de actividades e parámetros biomédicos, intervención cognitiva, control domótico e telealarma de xestión remota	José Carlos Milán Calenti
Cepas de lévedo capaces de secretar Betagalactosidasa ao medio e o seu uso para producir biomasa, etanol, betagalactosidasa e proteínas de interese	Esperanza Cerdán Villanueva, Isabel González Siso, Manuel Becerra Fernández e outros
Chumaceira magnética de repulsión	Ramón Ferreiro García
Plataforma demostradora de tecnoloxías multiantena	Luis Castedo Ribas, Héctor José Pérez e outros


Cadro 130 **Patentes concedidas en 2010**

Título	Autores
Lexisla	Álvaro Barreiro, Roi Blanco, Ismael Hasan, Javier Parapar
Coruña Campus Tool	Manuel E. Ares, Ismael Hasan, Javier Parapar
Punto integral de xestión de tendas de alta costura	Javier Andrade, Juan M, Ares Casal, Rafael C. García, Santiago Rodríguez Yáñez, Sonia Suárez
JavaCK: Linguaxe de desenvolvemento de sistemas expertos baseado na metodoloxía CommonKADS	Carlos Dafonte, Bernardino Arcay, Diego Fustes
Java Fast Sockets	Guillermo López Taboada, Juan Touriño, Ramón Doallo
DUAng v.1.0: Deseño de unións con angulares	Juan M. Reinosa, Alfonso Loureiro, Ruth Gutiérrez, Alicia Moreno, Manuel López
FEPAR-m (Aplicación para o cálculo do parámetro 'm' a partir de modelos de elementos finitos)	Juan M. Reinosa, Alfonso Loureiro, Ruth Gutiérrez, Alicia Moreno, Manuel López
CPPC (Compiler for Portable Checkpointing)	Gabriel Rodríguez, M ^a José Martín, Patricia González, Juan Touriño, Ramón Doallo
PIDRLF	José Luis Calvo Rolle
MbsLab v.1.0	Manuel J. González Castro, F. Javier González Varela
MIASOFT	Vicente Moret, Ángel Fernández, M. Javier Cabrero, Eduardo Mosqueira, Elena Hernández, Diego Álvarez
TEXTURA, un programa para o cálculo do espectro multifractal da distribución de partículas do solo, obtida por difracción láser	Eva Vidal Vázquez, José García Vivas
MULTIRUGO, un programa para o cálculo do espectro multifractal o microrrelevo do solo, a partir dun modelo de elevación dixital	Eva Vidal Vázquez, José García Vivas
MULTIPIIM, un programa para o cálculo do espectro multifractal de distribución de tamaño de poro, medida por intrusión de mercurio	Eva Vidal Vázquez, José García Vivas

Cadro 131 **Rexistros de software tramitados en 2010**



Cadro 132 Evolución de patentes solicitadas/concedidas




Cadro 133 Evolución do software e outros RPI rexistrados

Apoio aos proxectos europeos

A Unidade de apoio a proxectos europeos de I+D e captación de mercados laborais na Unión Europea realizou, entre outras, as seguintes actividades:

- Asesoramento nas xustificacións periódicas e finais e auditorías externas dos 11 proxectos de investigación en vigor.
- Organización da xornada “Queres investigar? Móvete! Axudas Marie Curie de Mobilidade e Formación” dirixida a toda a comunidade universitaria, 29 de abril de 2010.
- Distribución focalizada de información aos grupos de investigación sobre convocatorias abertas, cursos, xornadas e seminarios.
- Asesoramento continuado e apoio na presentación de 39 novas solicitudes aos programas Interreg IV, o VII Programa Marco, e outros programas europeos. Destas solicitudes concedéronse axudas para 9 proxectos, e están pendentes de avaliación outras 16 solicitudes.
- Elaboración e distribución da “Guía das Axudas de Mobilidade Marie Curie orientada ao persoal investigador universitario”.
- Redacción de boletíns mensuais sobre a investigación e a innovación na UE (véxase http://www.otri.udc.es/PAB_principal.html). Fíxose unha reformulación do anterior Boletín co obxectivo de manter actualizado o persoal investigador sobre as convocatorias de programas europeos en vigor.



Cadro 134 **Evolución do número de proxectos europeos**

Outras actividades da OTRI

- Elaboración de material de difusión: Guía das Axudas de Mobilidade Marie Curie orientada ao persoal investigador universitario.
- Durante o ano 2010 acabouse de desenvolver o II Programa de Estruturación Comercial de Grupos de Investigación da UDC, promovido pola OTRI.
- Púxose en marcha o I Panel de Innovacións Tecnolóxicas da UDC, co obxectivo de detectar as tecnoloxías innovadoras cunha aplicación práctica e de interese para o mercado e presentárllelas a empresas, organismos públicos e privados.
- Participación no programa Empresa-concepto, desenvolvido polas tres universidades galegas e o CSIC para o apoio e fomento das spin-offs académicas.
- Participación no Comité de Iniciativas de Emprego de base tecnolóxica (lebt) da Xunta de Galicia, programa encamiñado a fomentar e incrementar os sistemas de apoio á creación de novas empresas de base tecnolóxica.
- Elaboración do Regulamento das Empresas da Universidade da Coruña, aprobado pola Xunta de Goberno e o Consello Social.
- Organización de xornadas e cursos de formación sobre innovación, conferencias e feiras científicas. Con-

tactos e colaboracións con empresas e con organizacións relacionadas coa transferencia de tecnoloxía.

Novos proxectos

Ao longo de 2010 a OTRI conseguiu financiamento para os seguintes proxectos

- Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña para executar os compromisos establecidos no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (INCITE) 2006-2010, en relación coa función das OTRI no Sistema Galego de Investigación e Innovación.
- Programa INNCIDE de Apoio ás OTRI. A través desta convocatoria solicitouse e foi concedido un proxecto para o impulso de diferentes áreas da OTRI, Plan estratéxico de transferencia da UDC, con vixencia ata o 31 de marzo de 2014.
- Proxecto Incuba.t.net, financiado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para crear unha rede galega de incubadoras de base tecnolóxica.
- Convenio de Unidades de Investigación Intensivas, financiado pola Xunta de Galicia, para a valorización de tecnoloxías de grupos de investigación.

Viveiro de empresas de base tecnolóxica

No ano 2010 lanzáronse dúas convocatorias para acceder a este viveiro. Na de marzo con tres espazos dispoñibles, accederon as seguintes iniciativas: Goovent Technologies, Torus e Trileuco Solutions. Na de outubro, con dous espazos dispoñibles, accederon Avansig e Humigal. Así mesmo, a Agricin e Brigantium asignóuselles un consultor de apoio para axudalas a estudar a súa viabilidade, concretar os produtos, facer análise de mercado e precisar o plan de empresa.

A composición do Viveiro de Empresas da UDC a 31 de decembro de 2010 era a seguinte:

- Viveiro n.º 1: **Galebook**

Galebook nace co obxectivo de chegar a ser a plataforma de referencia de distribución do libro dixital en galego. A liña de traballo vai dirixida á promoción da lingua e cultura galegas a través das TIC e da lectura.

- Viveiro n.º 2: **Teimas Desenvolvemento** (www.teimas.com)

Teimas (Tecnoloxías da Información MedioAmbientais) é unha empresa dedicada ao desenvolvemento de software como un servizo dispoñible na rede Internet e que achega solucións tecnolóxicas para o sector medioambiental (xestión e transporte de residuos,

vertedoiros, tramites telemáticos coa administración, etc.).

- Viveiro n.º 3: **Avansig** (www.avansig.com)

Avansig é unha empresa especializada na enxeñería do software que nace co obxectivo de ofrecer, á Administración e as empresas, servizos de consultoría tecnolóxica e desenvolvemento de software a medida baseados en tecnoloxías SIX (Sistemas de Información Xeográfica) e FOSS (Free and Open Source Software).

- Viveiro n.º 4: **Humigal**

Iniciativa dedicada á creación dun sistema de depuración combinado de dixestor anaerobio máis humidal. Este sistema é unha tecnoloxía de depuración alternativa e sustentable que se está a consolidar na última década fronte a sistemas convencionais.

- Viveiro n.º 5: **Goovent Technologies** (www.goovent.com)

Goovent é un servizo web de procura e xestión de eventos. Ten como obxectivo crear un espazo común para que os usuarios poidan localizar, da forma máis rápida e sinxela posible, eventos de todo tipo que suceden no seu contorno.

- Vivero n.º 6: **Trileuco Solutions** (<http://trileucosolutions.com>)

Trileuco Solutions proporciona servizos integrais de consultoría e solucións en tecnoloxías da información e as comunicacións. O seu labor abrangue todos os ámbitos da enxeñería informática, con especial interese para a optimización de procesos de negocio.

- Viveiro n.º 7: **Bilega Energía** (<http://www.bilega.com>)

Bilega Energía desenvolve actividades de consultoría en eficiencia enerxética e creación de proxectos enerxéticos con fontes renovables, así como formación en enerxías alternativas.

Observatorio Ocupacional


- O ano comenza coa concesión de dous proxectos de cooperación internacional concedidos pola Axencia Española de Cooperación Internacional e Desenvolvemento (AECID) para levar a cabo dúas actividades de investigación sobre Teoría da Educación e Mercado do Traballo, con dúas universidades latinoamericanas: a Universidade Nacional de Panamá e a Universidade Nacional Autónoma de México (UNAM).

O proxecto de cooperación coa Universidade Nacional de Panamá, denominado “Perfeccionamento institucional do estudo sobre inserción laboral dos graduados da Universidade de Panamá” consegue a montaxe dun Observatorio Ocupacional na universidade centroamericana co asesoramento técnico e metodolóxico do equipo humano do Observatorio Ocupacional da UDC.


Por outra banda, o proxecto de cooperación coa UNAM, denominado “Fortalecimiento de instituciones y asesoramiento en temas de mercado de trabajo” logra establecer unha axenda común de investigación e docencia.

- A Escola de Finanzas promove un convenio de colaboración entre o Observatorio Ocupacional e o Colexio de Economistas da Coruña, en que se inclúe a elaboración dunha serie de catro informes trimestrais sobre a situación económica de Galicia.
- Sinatura dun importante convenio de colaboración co Concello da Coruña, dentro do proxecto Rede Coruña Emprega, co obxecto de analizar o impacto no emprego que terá no tecido empresarial coruñés a posta en funcionamento das novas instalacións portuarias do Porto Exterior, usando para iso as novas metodoloxías de análise do capital humano desvoltas durante os seis anos de existencia do Observatorio Ocupacional.

- Caixa Galicia, a través da súa obra social, asina un convenio de apoio e colaboración para as actividades do Observatorio Ocupacional, para a Feira Europea de Emprego e para o SAEE.
- Presentación do Informe de inserción laboral dos graduados da Universidade da Coruña 2007-2008, en que se analiza a situación actual dos egresados da UDC (dous anos no mercado laboral). Ofrécese unha escolma dalgúns dos resultados extraídos do informe:



Cadro 135 Salario medio dos titulados da UDC



Cadro 136 Lugar de traballo dos titulados da UDC



Cadro 137 Taxa de emprendedores da UDC respecto da media estatal

- Convenio coa Autoridade Portuaria de Ferrol para realizar un estudo sobre a actividade importadora/exportadora das empresas da súa zona de influencia. O estudo realízase utilizando novas técnicas de análise do transporte marítimo, ademais da metodoloxía de prospección industrial propia do Observatorio Ocupacional.
- Preséntase o “Informe sobre la repercusión de la ampliación del Canal de Panamá en la logística global del tráfico de contenedores y sus efectos sobre el sistema portuario español. Aplicación práctica al caso del Puerto Exterior de Ferrol”.
- Ponse en funcionamento a nova web institucional do Observatorio.


Portal Empleo UDC

Malia a crise do mercado laboral, o Portal de Empleo aumentou nun 22.13% o total de prácticas e ofertas de emprego que xestionou. Tamén é reseñable o


aumento do número de empresas inscritas ao longo do 2010, cun total de 69 empresas novas.

	2008	2009	2010
Candidatos	3.515	5.180	6.349
Candidatos activos	2.593	3.724	4.491
Empresas	269	347	416
Prácticas de emprego xestionadas	182	223	257
Ofertas de emprego xestionadas	104	170	223


Cadro 138 Evolución da actividade do Portal Empleo UDC



Cadro 139 Alumnado inscrito no Portal Empleo UDC en 2010. Ciclo curto



Cadro 140 Alumnado inscrito no Portal Empleo UDC en 2010. Ciclo longo




Cadro 141 Alumnado inscrito no Portal Empleo UDC en 2010. Posgrao

SAEE-Orientación laboral


Ao longo do ano 2010, a área de Orientación Laboral do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego aos Universitarios (SAEE) atendeu preto de 5.000 usuarios, entre os que se inclúen os máis de 700 estudantes ou egresados que entregaron o seu currículo e máis de 500 usuarios da axenda do Servizo Público de Emprego.

Acción realizada	Usuarios atendidos
Total de usuarios atendidos en orientacións, información e consultas	4.940
N.º CV recollidos na III Feira Europea de Emprego	1.836
N.º ofertas de emprego recibidas	114
N.º convenios colaboración asinados	42
N.º usuarios axenda SGC	549
N.º CV enviados a ofertas de emprego	734
N.º titulados universitarios atendidos	1.699
N.º estudantes universitarios atendidos	514
N.º estudantes non universitarios atendidos	891
N.º visitas na III Feira Europea de Emprego	178.882

Cadro 142 **Accións realizadas en 2010 pola Área de Orientación Laboral**



Cadro 143 Evolución do número de usuarios/as da Área de Orientación Laboral




Cadro 144 Evolución do número de convenios de cooperación educativa

Titulación	Prazas
Admón. e Dirección de Empresas	11
Arquitectura Técnica	1
Dereito e Admón e Dir. de Empresas	1
Dipl. Empresariais	1
Dereito	2
Relacións Laborais	8
Informática	6
Socioloxía	1
Dipl. Informatica	5
Economía	6
Total	42


Cadro 145 Convenios de cooperación educativa en 2010 por titulacións

Autoemprego

Durante o ano 2010, a Área de Autoemprego do SAAE recibiu e atendeu un total de 945 peticións de información e asesoramento.




Cadro 146 Solicitudes de información atendidas no Servizo de Autoemprego



Cadro 147 Información máis demandada no Servizo de Autoemprego



Cadro 148 Evolución do número de empresas creadas



Cadro 149 Evolución do número de proxectos do programa IEBT's